

SESIÓN MARTES 28 ABRIL, 2020

4º ED. PRIMARIA

L. GALEGA

Bos días nenos e nenas:

Hoxe, vos propoño as seguintes tarefas:

- Repaso dos seguintes contidos: determinantes (artigos e posesivos), adxectivos, suxeito e predicado e palabras polisémicas.
- Pasapalabra.

Comezaremos cuns esquemas de repaso!

DETERMINANTES

(SEMPRE VAN DIANTE DO NOME)

. OS ARTIGOS

INDETERMINADOS

	Masculino	Feminino
Singular	un	unha
Plural	uns	unhas

Exemplos: *Traballo nun laboratorio.*

DETERMINADOS

	Masculino	Feminino
Singular	o	a
Plural	os	as

O laboratorio no que traballo é moi moderno.

GRAMÁTICA. OS DETERMINANTES POSESIVOS

- OS **POSESIVOS** PRESENTAN O SUBSTANTIVOS E INDICAN POSESIÓN. POLO XERAL, DIANTE DO POSESIVO VAI O ARTIGO.

	UN SÓ PUSIDOR		VARIOS POSUIDORES	
	MASCULINO	FEMENINO	MASCULINO	FEMENINO
SINGULAR	Meu, teu, seu	Miña, túa, súa	Noso, vosa, seu	Nosa, vosa, súa
PLURAL	Meus, teus, seus	Miñas, túas, súas	Nosos, vosas, seus	Nosas, vosas, súas



O ADXECTIVO

Os adxectivos infórmannos das características que teñen os substantivos aos que acompañan.



Parede -- branca e soleada
cotorra -- faladora
merliño -- alegre
poemas -- graciosos



Por iso dicimos que os adxectivos son unha clase de palabras que acompañan aos substantivos expresando as súas calidades.

GRAMÁTICA: A ORACIÓN: SUXEITO E PREDICADO

- Unha oración é un conxunto de palabras ordenadas de maneira que teña sentido completo.
 - **Suxeito:** é a parte da oración que nos di quen realiza a acción.
 - **Predicado:** é a parte da oración que nos di que fai ou como está o suxeito. O núcleo do predicado é un verbo.

TAREFAS

1. Busca no texto da lectura de onte (luns 27 de abril, 2020), as seguintes palabras:

—Abúrrome máis que un burro lendo unha novela. Abúrrome máis que un peixe acendendo unha candea no fondo do mar.

Repetía Petunia subindo e baixando da randeeira. E despois, mirando para a randeeira con odio infinito, berroulle:

—E ti para xa! Estou farta dos teus abaneos!

O señor Doce, o seu pai, protestou sen abrir os ollos. El estaba encantado cos arros da súa propia randeeira. Ademais, agora o sofá estaba a facerlle a barca barca.

—Petunia, filla, sempre estás igual. Por que non fas algo para entreterte?

Pero Petunia tamén estaba farta daquel consello e non cedeu.

—Abúrrome máis que un burro lendo unha novela. Abúrrome... —púxose a cantaruxar de novo.

María Dolores Ruíz (adaptación).

- Dous artigos: _____
- Un adxectivo: _____
- Un posesivo: _____

2. **Subliña o suxeito e o predicado das seguintes oracións:**

- O señor Doce durmía no cómodo sofá.
- Petunia cantaruxaba polo baixo.

3. **Busca no texto da lectura, algunha palabra polisémica e explica os seus significados:**

PASAPALABRA

Lembrede que non é necesario, copiar todas as definicións. Tedes que escribir só a resposta.

Exemplo:

A) *abella*



- A) Insecto que vive en enxames e produce mel.
- B) Antónimo de alto.
- C) Parte superior do corpo humano.
- D) Conxunto de doce cousas.
- E) Nome da letra “m”.
- F) Lugar ou edificio onde se fabrica algo.
- G) Natural de Galicia.
- H) Especie de bisté redondo de carne picada.
- I) Dise do animal que non ten esqueleto.
- L) Sinónimo de bágoa.
- M) Dez veces cen.
- N) Árbore que dá como froito a noz.
- Ñ) Especie de avestruz americana.
- O) Sete máis un.
- P) Nome de palabra que ten varios significados.
- Q) Que ocupa o lugar número cinco nunha serie.
- R) Flor da roseira.
- S) Número que segue o cinco; 5+1.
- T) Araña grande e velenosa de corpo negro e peludo.
- U) Nome da letra “v”.
- V) Persoa que ten moita idade.
- X) Primeiro mes do ano.
- Z) Calzado moi cómodo e flexible que se usa para estar na casa.